

Inserción laboral das persoas tituladas da UVigo en estudos de doutoramento 1995-2020

INFORME FINAL

Observatorio de Persoas Tituladas

Universidade de Vigo



Consello Social
Universidade de Vigo

Edita

Consello Social – Universidade de Vigo

Dirección

Luis Espada Recarey
Profesor Emérito

Análise de datos

Víctor Manuel Martínez Cacharrón
Enxeñeiro Industrial

Colaboración

Antonio Pino García
Director da Eido (Escola Internacional de Doutoramento da UVigo)

Joaquín Collazo Rodríguez
Director da Área de Calidade

José Luis Gómez Reboiro
Xefe do Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao

Marcos Arias Acuña
Subdirector da Eido

José Miguel Dorribo Rivera
Técnico superior de Calidade – Área de Calidade

Observatorio de Persoas Tituladas

Universidade de Vigo

Campus Universitario das Lagoas-Marcosende
Edificio Fundación
36310 Vigo
Tlf: 986 812 192
Correo-e: observatorio.egresados@uvigo.es
Páxina Web: <http://observatorio.uvigo.gal/>

*Este documento é propiedade do Consello Social da UVigo.
Está permitida a reprodución total ou parcial do documento sempre que se citar o seu título e ao Consello Social como editora.*

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	13
XUSTIFICACIÓN.....	15
ESTRUTURA DO ESTUDO	17
OBXECTIVOS	19
1. Obxectivo principal.....	19
2. Obxectivos específicos	19
ESTUDOS DE DOUTORAMENTO	21
1. Caracterización e alcance	21
2. Cadro normativo dos estudos de doutoramento.....	22
2.1 Cadro da Lei de Reforma Universitaria	22
2.1.1 Real Decreto 185/1985	22
2.1.2 Real Decreto 778/1998	22
2.2 Cadro do Espazo Europeo de Educación Superior	23
2.2.1 Real Decreto 56/2005	23
2.2.2 Lei Orgánica 4/2007	23
2.2.3 Real Decreto 1393/2007	24
2.2.4 Real Decreto 861/2010	24
2.2.5 Real Decreto 99/2011	25
2.2.6 Real Decreto 822/2021	26
ESTUDOS DE DOUTORAMENTO NA UVIGO	27
1. Organización académica.....	27
2. Organización administrativa.....	28
3. Oferta académica	29
4. Garantía de calidade	31
5. Medición de Indicadores de inserción laboral	32
METODOLOXÍA	35
1. Procedemento	35
1.1 Explotación da Base de Datos do Observatorio	35
1.2 Selección da mostra	35
1.3 Procesamento de datos.....	36
1.4 Análise estatística de datos.....	36
2. Indicadores de inserción laboral	37
2.1 Información socio-demográfica	37

2.2 Información académica	37
2.3 Información sobre a situación socio-laboral	38
2.4 Información sobre o perfil profesional	38
2.5 Valoración do emprego	39
2.6 Esquema dos indicadores aplicados.....	39
3. Definición da poboación e mostra	40
3.1 Poboación.....	40
3.2 Mostra	40
3.3 Evolución temporal	40
4. Ficha técnica.....	41
PARTE I: INFORMACIÓN SOCIO-DEMOGRÁFICA	43
1. Xénero	43
2. Lugar de residencia	43
2.1 Persoas tituladas residentes en Galicia.....	43
2.1.1 Provincias	43
2.1.2 Concellos	44
2.2 Persoas tituladas residentes noutras comunidades autónomas	44
2.2.1 Comunidades autónomas	44
2.2.2 Provincias	45
2.3 Persoas tituladas residentes no resto do mundo.....	46
PARTE II: INFORMACIÓN ACADÉMICA	47
1. Rama de coñecemento.....	47
1.1 Resultados globais e por xénero	47
1.2 Rama académica segundo o lugar de residencia	47
2. Promocións académicas.....	49
2.1 Evolución quinquenal	49
2.1.1 Resultados globais e por xénero	49
2.1.2 Evolución quinquenal segundo o lugar de residencia.....	49
2.1.3 Evolución quinquenal segundo a rama de coñecemento	49
2.2 Evolución anual	50
2.2.1 Resultados globais e por xénero	50
2.2.2 Evolución anual segundo o lugar de residencia	50
2.2.3 Evolución anual segundo a rama de coñecemento	50
3. Regulación dos estudos de doutoramento	51

3.1 Resultados globais e por xénero	51
3.2 Regulación dos estudos de doutoramento segundo a rama de coñecemento	51
3.3 Regulación dos estudos de doutoramento segundo a evolución temporal	52
4. Programas de doutoramento realizados na UVigo	53
4.1 Resultados globais e por xénero	53
4.2 Programas de doutoramento segundo a rama de coñecemento	56
4.2.1 Artes e Humanidades	57
4.2.2 Ciencias da Saúde	57
4.2.3 Científica	58
4.2.4 Rama Tecnolóxica	58
4.2.5 Xurídico-Social	59
4.3 Programas de doutoramento segundo a regulación vixente dos estudos realizados	60
4.3.1 Real Decreto 185/1985	60
4.3.2 Real Decreto 778/1998	61
4.3.3 Real Decreto 1393/2007	63
4.3.4 Real Decreto 99/2011	63
5. Itinerarios académicos	65
5.1 Itinerarios académicos das persoas tituladas en doutoramento procedentes da UVigo	68
5.1.1 Resultados globais	68
5.1.2 Itinerarios académicos segundo a rama de coñecemento	69
5.1.2.1 Artes e Humanidades	69
5.1.2.2 Ciencias da Saúde	69
5.1.2.3 Científica	70
5.1.2.4 Tecnolóxica	70
5.1.2.5 Xurídico-Social	70
5.1.3 Itinerarios académicos segundo a promoción académica	71
5.1.4 Itinerarios académicos segundo a regulación dos estudos de doutoramento ..	72
5.1.4.1 Real Decreto 185/1985	72
5.1.4.2 Real Decreto 778/1998	73
5.1.4.3 Real Decreto 1393/2007	73
5.1.4.4 Real Decreto 99/2011	73
5.1.5. Formación adicional noutras universidades	74
5.1.5.1 Universidade de procedencia	74

5.1.5.2 Estudos realizados nas universidades de procedencia	75
5.2 Itinerarios académicos das persoas tituladas en doutoramento procedentes doutras universidades	75
5.2.1 Resultados globais	75
5.2.2 Itinerarios académicos segundo a rama de coñecemento	76
5.2.3 Universidade de procedencia.....	76
5.2.4 Titulacións realizadas nas universidades de procedencia.....	77
PARTE III: SITUACIÓN SOCIO-LABORAL	79
1. Actividade das persoas tituladas en doutoramento	79
1.1 Resultados globais e por xénero	79
1.2 Actividade segundo o lugar de residencia.....	80
1.2.1 Residentes en Galicia	81
1.2.1.1 Provincias	81
1.2.1.2 Concellos	81
1.2.2 Residentes noutras comunidades autónomas.....	81
1.2.2.1 Comunidades autónomas	81
1.2.2.2 Provincias	82
1.2.3 Residentes no resto do mundo	82
1.3 Actividade segundo a rama de coñecemento.....	83
1.4 Actividade segundo a promoción académica.....	84
1.5 Actividade segundo a regulación dos estudos de doutoramento.....	85
1.6 Actividade segundo o programa de doutoramento.....	85
2. Taxa de ocupación.....	89
2.1 Resultados globais e por xénero	89
2.2 Taxa de ocupación segundo o lugar de residencia.....	89
2.2.1 Residentes en Galicia	89
2.2.1.1 Provincias	89
2.2.1.2 Concellos	90
2.2.2 Residentes noutras comunidades autónomas	91
2.2.2.1 Comunidades autónomas	91
2.2.2.2 Provincias	91
2.2.3 Residentes no resto do mundo	92
2.3 Taxa de ocupación segundo a rama de coñecemento.....	92
2.4 Taxa de ocupación segundo a promoción académica	92

2.5	Taxa de ocupación segundo a regulación dos estudos de doutoramento	93
2.6	Taxa de ocupación segundo o programa de doutoramento.....	93
3.	Taxa de desemprego	96
3.1	Resultados globais e por xénero	96
3.2	Taxa de desemprego segundo o lugar de residencia	96
3.2.1	Persoas tituladas residentes en Galicia.....	96
3.2.1.1	Provincias	96
3.2.1.2	Concellos	97
3.2.2	Persoas tituladas residentes noutras comunidades autónomas	97
3.2.2.1	Comunidades autónomas	97
3.2.2.2	Provincias	98
3.2.3	Persoas tituladas residentes no resto do mundo	98
3.3	Taxa de desemprego segundo a rama de coñecemento	98
3.4	Taxa de desemprego segundo a promoción académica.....	99
3.5	Taxa de desemprego segundo a regulación dos estudos de doutoramento	99
2.6	Taxa de desemprego segundo o programa de doutoramento	99
PARTE IV: CARACTERÍSTICAS DO EMPREGO		103
1.	Lugar do traballo	103
1.1	Resultados globais e por xénero	103
1.2	Persoas tituladas que traballan en Galicia	103
1.2.1	Provincias	103
1.2.2	Concellos	104
1.3	Persoas tituladas que traballan noutras comunidades autónomas.....	104
1.3.1	Comunidades autónomas	104
1.3.2	Provincias	105
1.4	Persoas tituladas que traballan no resto do mundo.....	105
1.5	Lugar do traballo segundo a rama de coñecemento	106
1.6	Lugar do traballo segundo a promoción académica	107
1.7	Lugar do traballo segundo a regulación dos estudos de doutoramento	108
1.8	Lugar do traballo segundo o programa de doutoramento na UVigo.....	108
2.	Modalidade de contratación	112
2.1	Resultados globais e por xénero	112
2.2	Modalidade de contratación segundo o lugar do traballo.....	112
2.2.1	Persoas tituladas que traballan en Galicia	112

2.2.1.1 Provincias	112
2.2.1.2 Concellos	112
2.2.2 Persoas tituladas que traballan noutras comunidades autónomas.....	112
2.2.2.1 Comunidades autónomas	112
2.2.2.2 Provincias	113
2.2.3 Persoas tituladas que traballan no resto do mundo	113
2.3 Modalidade de contratación segundo a rama de coñecemento	113
2.4 Modalidade de contratación segundo a promoción académica.....	113
2.5 Modalidade de contratación segundo a regulación dos estudos de doutoramento	114
2.6 Modalidade de contratación segundo o programa de doutoramento.....	114
3. Sector de actividade empresarial.....	117
3.1 Resultados globais e por xénero	117
3.2 Sector de actividade empresarial segundo o lugar do traballo	118
3.2.1 Persoas tituladas que traballan en Galicia	118
3.2.1.1 Provincias	119
3.2.1.2 Concellos	119
3.2.2 Persoas tituladas que traballan noutras comunidades autónomas.....	119
3.2.3 Persoas tituladas que traballan no resto do mundo	120
4. Rama de actividade	121
4.1 Resultados globais e por xénero	121
4.2 Rama de actividade segundo o lugar do traballo.....	121
4.2.1 Persoas tituladas que traballan en Galicia	121
4.2.1.1 Provincias	121
4.2.1.2 Concellos	122
4.2.2 Persoas tituladas que traballan noutras comunidades autónomas.....	122
4.2.2.1 Comunidades autónomas	122
4.2.2.2 Provincias	122
4.2.3 Persoas tituladas que traballan no resto do mundo	122
4.3 Rama de actividade segundo a rama de coñecemento	123
4.4 Rama de actividade segundo a promoción académica.....	123
4.5 Rama de actividade segundo a regulación dos estudos de doutoramento	124
4.6 Rama de actividade segundo os estudos de doutoramento.....	124
4.7 Rama de actividade segundo a modalidade de contratación	127

4.8 Rama de actividade segundo o sector de actividade empresarial.....	128
5. Sector económico.....	129
5.1 Resultados globais e por xénero	129
5.2 Sector económico segundo o lugar do traballo	129
5.2.1 Persoas tituladas que traballan en Galicia	130
5.2.2 Persoas tituladas que traballan noutras comunidades autónomas.....	131
5.2.3 Persoas tituladas que traballan no resto do mundo	131
5.3 Sector económico segundo a rama de coñecemento	132
5.4 Sector económico segundo a promoción académica	132
5.5 Sector económico segundo a regulación dos estudos de doutoramento	133
5.6 Sector económico segundo o programa de doutoramento.....	134
5.7 Sector económico segundo a modalidade de contratación.....	138
5.8 Sector económico segundo a rama de actividade	139
6. Categoría profesional	141
6.1 Resultados globais e por xénero	141
6.2 Categoría profesional segundo o lugar do traballo.....	141
6.2.1 Persoas tituladas que traballan en Galicia	141
6.2.1.1 Provincias	141
6.2.1.2 Concellos	142
6.2.2 Persoas tituladas que traballan noutras comunidades autónomas.....	142
6.2.2.1 Comunidades autónomas	142
6.2.2.2 Provincias	142
6.2.3 Persoas tituladas que traballan no resto do mundo	142
6.3 Categoría profesional segundo a rama de coñecemento	143
6.4 Categoría profesional segundo a promoción académica.....	144
6.5 Categoría profesional segundo a regulación dos estudos de doutoramento	144
6.6 Categoría profesional segundo o programa de doutoramento	144
6.7 Categoría profesional segundo a modalidade de contratación	147
6.8 Categoría profesional segundo a rama de actividade.....	148
6.9 Categoría profesional segundo o sector económico.....	148
7. Tamaño da empresa.....	150
7.1 Resultados globais e por xénero	150
7.2 Tamaño da empresa segundo o lugar do traballo	150
7.2.1 Persoas tituladas que traballan en Galicia	150

7.2.1.1 Provincias	150
7.2.1.2 Concellos	151
7.2.2 Persoas tituladas que traballan noutras comunidades autónomas.....	151
7.2.2.1 Comunidades autónomas	151
7.2.2.2 Provincias	151
7.2.3 Persoas tituladas que traballan no resto do mundo	151
7.3 Tamaño da empresa segundo a rama de coñecemento	152
7.4 Tamaño da empresa segundo a promoción académica	153
7.5 Tamaño da empresa segundo a regulación dos estudos de doutoramento.....	153
7.6 Tamaño da empresa segundo o programa de doutoramento.....	153
7.7 Tamaño da empresa segundo a modalidade de contratación.....	156
7.8 Tamaño da empresa segundo o sector de actividade empresarial	157
7.9 Tamaño da empresa segundo a rama de actividade	157
7.10 Tamaño da empresa segundo o sector económico	158
7.11 Tamaño da empresa segundo a categoría profesional	158
PARTE V: VALORACIÓN DO EMPREGO	161
1. Relación entre o traballo e os estudos realizados na UVigo	161
1.1 Resultados globais e por xénero	161
1.2 Relación entre o traballo e os estudos segundo o lugar do traballo	161
1.2.1 Persoas tituladas que traballan en Galicia	161
1.2.1.1 Provincias	161
1.2.1.2 Concellos	162
1.2.2 Persoas tituladas que traballan noutras comunidades autónomas.....	162
1.2.2.1 Comunidades autónomas	162
1.2.2.2 Provincias	162
1.2.3 Persoas tituladas que traballan no resto do mundo	162
1.3 Relación entre o traballo e os estudos segundo a rama de coñecemento	163
1.4 Relación entre o traballo e os estudos segundo a promoción académica.....	163
1.5 Relación entre o traballo e os estudos segundo a regulación dos estudos de doutoramento	164
1.6 Relación entre o traballo e os estudos segundo o programa de doutoramento....	164
1.7 Relación entre o traballo e os estudos segundo a modalidade de contratación....	166
1.8 Relación entre o traballo e os estudos segundo a rama de actividade	166
1.9 Relación entre o traballo e os estudos segundo o sector económico	167

1.10 Relación entre o traballo e os estudos segundo a categoría profesional	167
1.11 Relación entre o traballo e os estudos segundo o tamaño da empresa/entidade	168
2. Relación entre as exixencias do emprego e o nivel académico adquirido na UVigo	169
2.1 Resultados globais e por xénero	169
2.2 Relación entre o emprego e o nivel académico adquirido na UVigo segundo o lugar do traballo	169
2.2.1 Persoas tituladas que traballan en Galicia	169
2.2.1.1 Provincias	169
2.2.1.2 Concellos	170
2.2.2 Persoas tituladas que traballan noutras comunidades autónomas.....	170
2.2.2.1 Comunidades autónomas	170
2.2.2.2 Provincias	170
2.2.3 Persoas tituladas que traballan no resto do mundo	170
2.3 Relación entre o emprego e o nivel académico adquirido na UVigo segundo a rama de coñecemento.....	171
2.4 Relación entre o emprego e o nivel académico adquirido na UVigo segundo a promoción académica	171
2.5 Relación entre o emprego e o nivel académico adquirido na UVigo segundo a regulación dos estudos de doutoramento	172
2.6 Relación entre o emprego e o nivel académico adquirido na UVigo segundo o programa de doutoramento	172
2.7 Relación entre o emprego e o nivel académico adquirido na UVigo segundo a modalidade de contratación	175
2.8 Relación entre o emprego e o nivel académico adquirido na UVigo segundo a rama de actividade	175
2.9 Relación entre o emprego e o nivel académico adquirido na UVigo segundo o sector económico	175
2.10 Relación entre o emprego e o nivel académico adquirido na segundo a categoría profesional	176
2.11 Relación entre o emprego e o nivel académico adquirido na UVigo segundo o tamaño da empresa	176
2.12 Relación entre o emprego e o nivel académico adquirido na UVigo segundo a relación entre o traballo e os estudos realizados	177
CONCLUSIÓNS	179
1. Información socio-demográfica	179
2. Ramas de coñecemento	179
3. Promocións académicas.....	179

4. Regulación dos estudos de doutoramento	180
5. Taxa de ocupación.....	180
6. Taxa de asalarización.....	181
7. Taxa de emprendemento	181
8. Taxa de desemprego	182
9. Lugar do traballo	183
9.1 Galicia	183
9.2 Resto do mundo	184
9.3 Outras comunidades autónomas	184
10. Categoría profesional	185
11. Adecuación temática do emprego aos estudos	186
11. Sobrecualificación	186
BIBLIOGRAFÍA	189
ANEXOS	191
Anexo 1: Condicións de acceso a estudos de doutoramento da UVigo.....	191
Anexo 2: Referencia normativa dos estudos de doutoramento	192
Anexo 3: Distribución dos programas de doutoramento por rama de coñecemento..	194
Anexo 4: Distribución porcentual das ramas de coñecemento en Galicia.....	197
Anexo 5: Distribución porcentual das ramas académicas noutras comunidades autónomas	199
Anexo 6: Distribución porcentual das ramas académicas no resto do mundo.....	200
Anexo 7: Evolución anual da mostra (resultados globais e por xénero).....	201
Anexo 8: Lugar de residencia segundo o ano de promoción académica	202
Anexo 9: Evolución anual das persoas tituladas en doutoramento da UVigo segundo a rama de coñecemento	203
Anexo 10: Distribución dos programas de doutoramento por regulación de referencia	204
Anexo 11: Programa de doutoramento segundo a regulación de referencia	209
Anexo 12: Distribución de frecuencias (en números absolutos) das titulacións realizadas nas universidades de procedencia	212
Anexo 13: Distribución de frecuencias (en números absolutos) das titulacións realizadas nas universidades de procedencia	214
Anexo 14: Situación do mercado de traballo en Galicia por concellos.....	215
Anexo 15: Situación socio-laboral en Galicia por concellos	217
Anexo 16: Situación socio-laboral noutras comunidades autónomas.....	219

Anexo 17: Situación do mercado de traballo noutras comunidades autónomas por provincias	220
Anexo 18: Situación socio-laboral noutras comunidades autónomas por provincias ..	221
Anexo 19: Situación socio-laboral no resto do mundo por países.....	222
Anexo 20: Evolución anual da situación do mercado de traballo	223
Anexo 21: Evolución anual da situación socio-laboral	224
Anexo 22: Situación socio-laboral segundo o programa de doutoramento	225
Anexo 23: Evolución anual da taxa de ocupación	228
Anexo 24: Evolución anual da taxa de desemprego	229
Anexo 25: Distribución de ramas de coñecemento en Galicia	230
Anexo 26: Distribución das ramas de coñecemento das persoas tituladas que traballan noutras comunidades autónomas	231
Anexo 27: Distribución porcentual das ramas académicas das persoas tituladas que traballan no resto do mundo	232
Anexo 28: Evolución anual do lugar do traballo	233
Anexo 29: Modalidade de contratación en Galicia por concellos.....	234
Anexo 30: Modalidade de contratación das persoas tituladas que traballan noutras comunidades autónomas por provincias.....	235
Anexo 31: Evolución anual da modalidade de contratación.....	236
Anexo 32: Sector de actividade empresarial nos concellos galegos máis representativos	237
Anexo 33: Sector de actividade empresarial noutras comunidades autónomas	238
Anexo 34: Sector de actividade empresarial no resto do mundo por países	239
Anexo 35: Rama de actividade en Galicia por concellos.....	241
Anexo 36: Rama de actividade noutras comunidades autónomas por provincias.....	242
Anexo 37: Evolución anual da rama de actividade	243
Anexo 38: Sectores económicos nos concellos representativos de Galicia.....	244
Anexo 39: Sectores económicos no resto do mundo por países	245
Anexo 40: Categoría profesional en Galicia por concellos.....	247
Anexo 41: Categoría profesional noutras comunidades autónomas por provincias....	248
Anexo 42: Evolución anual da categoría profesional das persoas tituladas en doutoramento da UVigo	249
Anexo 43: Tamaño da empresa en Galicia por concellos	250
Anexo 44: Tamaño da empresa noutras comunidades autónomas por provincias.....	251
Anexo 45: Evolución anual do tamaño de empresa.....	252

Anexo 46: Relación entre o emprego e os estudos realizados en Galicia por concellos	253
Anexo 47: Relación entre o emprego e os estudos realizados noutras comunidades autónomas por provincias.....	254
Anexo 48: Evolución anual da relación entre o emprego e os estudos realizados	255
Anexo 49: Relación entre o emprego e o nivel académico das persoas tituladas que traballan en Galicia por concellos	256
Anexo 50: Relación entre o emprego e o nivel académico noutras comunidades autónomas por provincias.....	257
Anexo 51: Evolución anual da relación entre o emprego e o nivel académico	258
Anexo 52: Índice de cadros	259
Anexo 53: Índice de mapas	265

INTRODUCCIÓN

O título universitario de Doutor/a é o grao máis alto que pode outorgar o Sistema Universitario Español (SUE). Ao igual que está establecido nas institucións académicas anglosaxoas, o título de PhD representa o máximo estamento que o alumnado universitario pode adquirir despois da defensa da súa Tese de Doutoramento.

As atribucións adquiridas coa consecución do título de Doutor/a son especificamente académicas e non profesionais; isto é, a posesión deste título non outorga ao estudante máis competencias profesionais. Por isto, o grao académico de Doutor/a está máis ligado cos ámbitos da docencia, fundamentalmente universitaria e de investigación.

Os estudos conducentes á obtención do título de Doutor/a seguen diferentes itinerarios en función das titulacións previas que o alumnado realizou (licenciaturas, graos, mestrados...), especialmente a partir da implantación da Reforma de Boloña.

Así sendo, e en función do referido anteriormente, existen poucos estudos bibliográficos que analicen a inserción laboral destes titulados. Todo o contrario, cando se trata daqueles titulados/as que só cursaron estudos de primeiros e segundos ciclos académicos universitarios.

Co obxectivo de contribuír a resolver esta carencia de información sobre as peculiaridades das persoas tituladas da Universidade de Vigo que obtiveron o título de doutoramento, é polo que o Observatorio de Persoas Tituladas levou a cabo este estudo co apoio e colaboración do Consello Social da UVigo que representa un informe de inserción laboral pioneiro dentro do Sistema Universitario Galego (SUG). Este traballo non tería sido posíbel sen a desinteresada colaboración dos mais de quíntos Doutores/s, os cales leron as súas Teses de Doutoramento despois do nacemento da UVigo e, naturalmente, logo de ter realizado previamente os cursos específicos de doutoramento, que comezaron a impartirse a partir de 1992.

A análise dos datos que reflicten o seu desenvolvemento permitiunos comprobar que estamos perante uns resultados dun innegábel esforzo humano que, con acertos e erros, contribuíron a fomentar uns alicerces sólidos para a consolidación desta Universidade de Vigo.

Coa esperanza e o desexo de que este traballo contribúa a dotar á UVigo de indicadores de medición da inserción laboral exixidos polos programas de calidade aos seus estudos de doutoramento, os autores deste traballo fican abertos para calquera consulta ou aclaración adicional.

Luis Espada Recarey
Director do Observatorio

XUSTIFICACIÓN

A realización deste informe de inserción laboral, pioneiro no SUG, prodúcese ao abrigo do acordo do Pleno do Consello Social da UVigo de 2/2/2022 para dar resposta á petición, datada a 2/11/2021, do director da Escola Internacional de Doutoramento da UVigo (Eido), D. Antonio Pino García, e do Director da Área de Calidade da UVigo, D. Joaquín Collazo Rodríguez, para a elaboración, por parte do Observatorio de Persoas Tituladas, dun estudo sobre a inserción laboral das persoas tituladas da UVigo en estudos de doutoramento desde a creación da universidade até a promoción de 2019/2020.

Esta solicitude partía da necesidade, derivada da implementación dos Programas de Calidade por parte da Eido, de abordar a medición da inserción laboral das persoas tituladas en estudos de doutoramento cun sistema de indicadores, segundo as directrices marcadas non só pola Asociación Europea para a Garantía da Calidade na Educación Superior (ENQA), os seus membros e entidades e que atinxen tamén ao Espazo Europeo de Investigación (EEI), senón tamén pola lexislación de referencia¹ e a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario Galego (ACSUG).

Até o momento actual a UVigo carecía dun sistema de medición da inserción laboral que achegase os indicadores necesarios para coñecer a situación laboral dos doutorados/as, a satisfacción sobre a formación recibida ou das partes interesadas (empresas/entidades) a respecto do seu desenvolvemento profesional.

Co fin de resolver esta carencia, a partir do ano 2020 por parte da Área de Calidade da UVigo solicitouse a colaboración do Observatorio de Persoas Tituladas do Consello Social para recoller datos sobre a situación laboral e a satisfacción dos doutores/as, unha vez que completaron os estudos na UVigo, a fin de que poida ser trasladada á Eido e inserida nos seus programas de calidade.

Con ese fin, convocados polo técnico de calidade integrante da Comisión de Calidade da Eido, D. José Miguel Dorribo Rivera, o 12 de novembro de 2020 produciuse unha primeira reunión entre o Observatorio e a Vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria, D^a Natalia Caparrini Marín, a Directora da Área de

¹ Lei Orgánica 6/2001 de Universidades (modificada pola Lei Orgánica 4/2007) e o seu desenvolvemento lexislativo estatal (Real Decreto 99/2011) e autonómico (Decreto 222/2011)

Emprego e Emprendemento, D^a. Maruxa Álvarez Jiménez, ben como coa dirección da Eido e do Servizo e Área de Posgrao.

Dada a operatividade de explotación da Base de Datos de Persoas Tituladas do Observatorio, que contaba nesa altura con información sobre empregabilidade dunha mostra representativa de 418 persoas tituladas en estudos de doutoramento da UVigo entre 1995 e 2020, propúxose inicialmente someter esta mostra a unha análise estatística específica sobre a súa inserción laboral. Posteriormente, os rexistros inicialmente existentes incrementáronse até atinxir a mostra de 505 persoas tituladas avaliada neste estudo cos datos, recollidos através do formulario de alta na Base de Datos de Persoas Tituladas do Observatorio², grazas á colaboración do Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao consistente en solicitar o rexistro das persoas tituladas en doutoramento consoante a regulación vixente (Real Decreto 99/2011) en requirimentos lanzados consecutivamente en xullo de 2021, febreiro e marzo do ano 2022. Por este motivo, o presente estudo analiza pormenorizadamente a situación laboral do titulado/a unha vez realizado o título de doutoramento, sen entrar a valorar a satisfacción coa formación recibida no título realizado.

Desa maneira, do mesmo xeito que o Observatorio foi quen de crear o mapa da distribución xeográfica de todos os egresados/as polo mundo, este estudo permite visualizar o mapa que reflicte a distribución xeográfica dos doutorados/as da UVigo, ben como acceder aos indicadores de inserción laboral comúns (situación socio-laboral, modalidade de contratación, categoría profesional, sector económico, relación entre o traballo actual e os estudos realizados, sobrecualificación...) avaliados nos informes de inserción laboral publicados por este Observatorio desde a súa posta en marcha en 2016 co apoio e colaboración do Consello Social da UVigo.

Deste xeito, a UVigo pode coñecer de primeira man aspectos de seguimento da calidade demandados da ACSUG no relativo á situación laboral dos egresados/as doutores e a satisfacción coa formación recibida na UVigo.

² <http://observatorio.uvigo.gal/observatorio/sumate/>

ESTRUTURA DO ESTUDO

A Introducción e a Xustificación deste Informe expoñen os motivos e antecedentes sobre a necesidade da súa realización. Baixo a epígrafe Obxectivos do estudo reflíctense tanto o obxectivo principal como os específicos que o completan.

O capítulo “Estudos de doutoramento” fai unha aproximación descritiva dos estudos universitarios, incluíndo a súa caracterización, alcance e cadro normativo xeral vixente e pasado que o ampara.

Na epígrafe Estudos de Doutoramento na UVigo é abordada a organización académico-administrativa existente no seo da UVigo, a evolución experimentada pola oferta formativa desde a súa creación até o momento actual e o sistema de garantía de calidade implementado.

Logo a seguir é descrita a Metodoloxía utilizada que contén todas as informacións sobre a operativa implementada neste traballo. En primeiro lugar, inclúe os procedementos seguidos, consistentes na explotación da Base de Datos do Observatorio de Persoas Tituladas, a selección da mostra, o procesamento e a análise estatística dos datos. En segundo lugar, son definidos os indicadores de inserción laboral avaliados, consistentes en indicadores de información persoal e académica, situación socio-laboral, sobre o perfil profesional e de valoración do emprego. Posteriormente, inclúese unha descrición da poboación e da mostra avaliada. Finalmente, nun último apartado, a ficha técnica mostra as características técnicas do Informe.

Os Indicadores de Inserción Laboral das persoas tituladas en doutoramento da UVigo son avaliados a partir de 193 cadros, 20 mapas, 53 anexos e múltiples comentarios en función de variábeis como o xénero, ámbito académico, promoción académica, regulación dos estudos de doutoramento, programa de doutoramento realizado, lugar de residencia ou traballo.

A presentación dos resultados dos Indicadores de Inserción Laboral estrutúrase en cinco partes. A primeira e segunda reflicten o perfil das persoas tituladas en doutoramento en función dos datos de tipo persoal e académico, respectivamente. Logo a seguir, a parte terceira analiza detalladamente a situación socio-laboral da mostra de doutores/as da UVigo. Unha cuarta parte describe as características do emprego das persoas tituladas en estudos de doutoramento en función de variábeis como o lugar do traballo, sector de actividade empresarial, modalidade de contratación, rama de actividade, sector económico, categoría profesional e o tamaño da empresa/entidade empregadora. A quinta parte recolle a valoración do emprego en función da adecuación temática cos estudos realizados e co nivel académico adquirido na UVigo.

Finalmente, a modo de resumo executivo, recóllense os principais resultados dos indicadores de inserción laboral.

OBXECTIVOS

1. Obxectivo principal

O obxectivo principal deste estudo consiste na determinación de indicadores de inserción laboral das persoas tituladas en doutoramento da UVigo desde 1995 até o ano 2020.

2. Obxectivos específicos

A realización deste Informe tamén contribúe a determinar os seguintes parámetros:

- Perfil académico das persoas tituladas en doutoramento: Titulación/s realizada/s na UVigo antes de obter o título de doutoramento que permita coñecer un itinerario académico, universidades de procedencia para o caso de antigos estudantes que realizaron estudos de primeiro e segundo ciclo noutras universidades, ben como titulacións realizadas noutras universidades e programa oficial de doutoramento.
- Situación socio-laboral: Calcular a taxa de actividade e a modalidade de contratación a partir da análise de variábeis como a porcentaxe de persoas que traballan por conta allea na empresa privada ou no sector público, as que o fan como empresarios/as ou traballadores/as autónomos, aquelas persoas desempregadas que están a procurar emprego ou avaliar outras situacións (proporción de xubilados/pensionistas ou con invalidez, persoas que continúan estudos universitarios, preparan oposicións, están en excedencia profesional...).
- Características do emprego realizado: Coñecer variábeis específicas como o lugar do traballo, a modalidade de contratación, o sector de actividade empresarial, a rama de actividade, o sector económico, a categoría profesional ou o tamaño da empresa/entidade en que as persoas con título de doutoramento traballan.
- Localización: Confeccionar os mapas da distribución xeográfica das persoas tituladas en doutoramento en función do lugar de residencia e de traballo.
- Valoración do emprego: Determinar a relación existente entre o traballo actual e os estudos realizados e o nivel académico adquirido na UVigo a partir da análise da situación profesional.
- Analizar todos estes datos en función de variábeis como o xénero, ámbitos académicos, promoción académica, regulación dos estudos de doutoramento, lugar de residencia ou traballo e programa oficial de doutoramento realizado.

ESTUDOS DE DOUTORAMENTO

Os estudos de doutoramento constitúen o terceiro ciclo da oferta formativa universitaria oficial e o título ou grao académico máximo do ensino superior concedido por unha universidade ou outra institución autorizada co propósito de certificar académicamente a capacidade do candidato/a para desenvolver investigación nun determinado campo de coñecemento (no seu concepto máis abrangente).

1. Caracterización e alcance

O doutoramento diferénciase do mestrado universitario e outros programas de posgrao similares por ter como finalidade a formación avanzada do candidato/a a doutor/a (doutorando/a) nas técnicas de investigación conducentes á adquisición das competencias e habilidades ligadas á investigación científica de calidade.

Os Programas de Doutoramento abarcan un conxunto de actividades conducentes á adquisición das competencias e habilidades necesarias para a obtención do título de Doutor/a, tendo por obxecto o desenvolvemento dos distintos aspectos formativos do doutorando e establecendo os procedementos e liñas de investigación para o desenvolvemento de teses doutorais.

A formación en doutoramento inclúe a elaboración e presentación, en lectura pública, dun documento chamado Tese de Doutoramento. Consiste nun traballo orixinal de investigación elaborado individualmente sobre un tema especializado baixo a supervisión dun director de tese e un titor³. A superación do ciclo dá dereito á obtención do título de doutoramento.

O doutoramento equivale ao nivel 8 da Clasificación Internacional Normalizada da Educación⁴ (ISCED) e segundo a Declaración de Boloña e o novo marco de ensino superior da Unión Europea corresponde ao terceiro ciclo dos estudos universitarios. Para solicitar a admisión nun programa de doutoramento as persoas tituladas deberán ter conseguido un mínimo de 60 créditos en programas oficiais de posgrao ou ter alcanzado o título oficial de mestrado, sempre que teña completado un mínimo de 300 créditos no conxunto dos seus estudos universitarios de grao e posgrao.

O título en doutoramento deriva do antigo formalismo *licentia docendi* (licenza para ensinar) polo que na maioría dos países e, nomeadamente no Sistema Universitario Español (doravante SUE), é un diploma de investigación que cualifica o seu titular para acceder aos labores docentes-investigadores na categoría de profesor titular universitario e catedrático de universidade.

Na medida en que os estudos de terceiro ciclo definen e potencian intrinsecamente as características e prestixio dunha universidade, no momento da creación da UVigo no curso 1989/90 por segregación da Universidade de Santiago de Compostela (USC), non demorou a pór en marcha cursos de doutoramento⁵ impartidos por departamentos, cumprindo así unha das dúas principais misións da universidade, que era a potenciación de estudos de posgrao.

³ Nalgúns casos a tese de doutoramento pode consistir nun corpo coherente de literatura de traballos de investigación publicados, un compendio de obras artísticas, ou, dependendo da disciplina, a demostración de virtuosismo nun instrumento musical.

⁴ Existen cursos de pos-doutoramento considerados ao mesmo nivel ISCED que o doutoramento por seren ampliacións ou aplicacións deste.

⁵ Os programas de doutoramento propios da UVigo iniciáronse no curso 1990-91, continuándose a impartir sucesivamente até a actualidade.

2. Cadro normativo dos estudos de doutoramento

No momento da creación da UVigo, os estudos de doutoramento rexíanse polo Real Decreto 185/1985, de 23 de xaneiro, polo que se regulaba o terceiro ciclo dos estudos universitarios. Segundo esta norma, os programas de doutoramento configuraban os estudos de terceiro ciclo e a súa superación, xunto coa aprobación dunha tese de doutoramento, era imprescindible para a obtención do título de doutoramento, podendo solicitar a admisión nun programa deste tipo as persoas tituladas nos segundos ciclos (licenciaturas e enxeñarías superiores) por calquera universidade.

O Real Decreto 185/1985 supón a adaptación dos estudos superiores de doutoramento ao modelo descentralizado e autónomo na docencia e na xestión do SUE de autonomía universitaria⁶ como desenvolvemento do art. 31 da Lei de Reforma Universitaria (LRU) de 1983. Dito Decreto regula os estudos universitarios de terceiro ciclo, a obtención e a expedición do título de doutoramento e outros estudos de posgrao⁷.

2.1 Cadro da Lei de Reforma Universitaria

2.1.1 Real Decreto 185/1985

Segundo os criterios do Real Decreto 185/1985 as universidades contan con plena autonomía para organizar os estudos de doutoramento, entre os cales (art. 5.1) se mantén a relación dos estudos de terceiro ciclo co currículo académico previo da licenciatura, de arquitectura ou de enxeñaría, que son as titulacións que habilitan profesionalmente. O mesmo artigo establece, de maneira excepcional, que a Comisión de Doutoramento de cada universidade resolverá as peticións daqueles aspirantes que solicitaren acceso a un programa de doutoramento distinto aos seus estudos previos de licenciatura, arquitectura ou enxeñaría para a adquisición das competencias investigadoras e de acceso á docencia no ensino superior.

A posterior adaptación das universidades ás disposicións do Real Decreto 185/1985 requiriu que sexa modificado parcialmente e completado polas seguintes disposicións normativas:

- Real Decreto 1591/1985, de 28 de agosto, para adiar até o 1/10/1986 a aplicación do Real Decreto 185/1985
- Real Decreto 86/1987, de 16 de xaneiro, sobre a regulamentación das condicións de homologación dos títulos estranxeiros do ensino superior
- Real Decreto 1397/1987, de 13 de novembro, sobre o alargamento dos prazos para a presentación das teses de doutoramento
- Real Decreto 537/1988, de 27 de maio, sobre a oferta polas universidades de estudos de doutoramento correspondentes a estudos de segundo ciclo que non impartan e de atribución aos Institutos Universitarios das mesmas funcións que aos Departamentos en estudos de doutoramento
- Real Decreto 823/1987 de 7 de xullo, sobre o recoñecemento dos mesmos efectos ao título de doutoramento do Instituto Universitario Europeo de Florenza que os expedidos no SUE.

2.1.2 Real Decreto 778/1998

O Real Decreto 185/1985 é derogado coa aprobación do Real Decreto 778/1998, de 30 de abril, polo que se regula o terceiro ciclo de estudos universitarios, a obtención e expedición do título de doutoramento e outros estudos de posgrao. Esta normativa

⁶ Art. 27.10 da Constitución española.

⁷ Artigos 17 e 18 de dito Real Decreto.

procura establecer o marco para alcanzar os grandes obxectivos formulados na LRU, entre os cales, a formación de novos investigadores e preparar equipos de investigación que podan encarar con éxito o reto que supoñen as novas ciencias, técnicas e metodoloxías, o impulso da formación do profesorado e o perfeccionamento do desenvolvemento profesional, científico, técnico e artístico dos titulados superiores.

A avaliación dos coñecementos adquiridos polos doutorandos no período de docencia e de investigación dos estudos de Terceiro Ciclo consistía nunha exposición pública perante un tribunal. A superación desta valoración garantía a suficiencia investigadora do doutorando e permitía a obtención dese certificado-diploma acreditativo dos estudos avanzados realizados: o Diploma de Estudos Avanzados (DEA). Este diploma certificaba a realización completa dos estudos de doutoramento independentemente da realización da posterior Tese Doutoral.

2.2 Cadro do Espazo Europeo de Educación Superior

Coa aprobación da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades (LOU) iníciase unha nova regulamentación do ensino universitario de cara á implantación da nova estrutura de estudos do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES), coñecido como Plan ou Reforma de Boloña, co horizonte de harmonizar os sistemas europeos da educación superior a fin de mellorar a cualificación profesional dos titulados/as e de favorecer a mobilidade como principal medio para a empregabilidade. Segundo a LOU, os Estudos de Doutoramento correspóndense ao ciclo superior dos tres en que está estruturado o ensino universitario: Grao, Mestrado e Doutoramento.

2.2.1 Real Decreto 56/2005

A aprobación do Real Decreto 56/2005, de 21 de xaneiro, polo que se regulan os estudos universitarios oficiais de Posgrao enceta a reforma do SUE abordando os estudos de doutoramento e mestrado. A nova norma, de vida efémera, supón a implantación dos actuais títulos de Mestrado Universitario, colocándose como título oficial intermedio entre o título universitario (Licenciatura, Enxeñaría Superior e Grao) e o título de Doutoramento. Doravante o acceso ao novo doutoramento EEES debe ser realizado ao nivel de título de mestrado universitario.

A súa aprobación supuxo a desaparición do DEA, cuxo nivel era superior ao do actual mestrado universitario, xa que para acceder a el era preciso contar cunha licenciatura ou enxeñaría superior, cuxos niveis MECES⁸ se corresponden actualmente ao nivel de mestrado universitario. Por este motivo, aquelas persoas tituladas que contaren co antigo DEA teñen acceso á redacción da tese doutoral dos actuais estudos de doutoramento, sendo homologábel en todo o SUE.

2.2.2 Lei Orgánica 4/2007

A Lei Orgánica 4/2007, de 12 de abril, pola que se modifica a LOU, aposta decididamente na harmonización dos sistemas educativos superiores no cadro do EEES e asume a necesidade dunha profunda reforma na estrutura e organización das ensinanzas, dando resposta ás arelas da comunidade universitaria de sentar os alicerces dun espazo común, baseado na mobilidade, o recoñecemento de titulacións e a formación continuada. O novo modelo de ensinanzas achega unha maneira diferente de entender a universidade e as súas relacións coa sociedade. Trátase de ofrecer unha

⁸ Acrónimo de *Marco Español de Cualificaciones para la Educación Superior*, que ten o seu reflexo o QF-EHEA, o cadro europeo de cualificación para a educación superior. Este último define tres niveis: ciclo curto (ciclos superiores de formación profesional), primeiro ciclo (graos), segundo ciclo (mestrados) e terceiro ciclo (doutoramentos).

formación de calidade que atenda aos retos e desafíos do coñecemento e responda ás necesidades da sociedade.

Na secuencia desta adaptación do ensino oficial universitario ao EES a Lei Orgánica 4/2007 foi desenvolvida cos decretos abordados nas seguintes epígrafes.

2.2.3 Real Decreto 1393/2007

O Real Decreto 1393/2007⁹, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais supón a derogación do Real Decreto 778/1998. Esta norma fixa a estrutura á que se deben adaptar as ensinanzas universitarias conducentes á obtención de títulos de carácter oficial de validez en todo o territorio estatal e as directrices a seguir polas universidades para a elaboración dos planos de estudo das ensinanzas oficiais de Grao e Mestrado.

Coa súa aplicación transfórmanse as diplomaturas de primeiro ciclo e as licenciaturas de segundo ciclo, pasando a estar aberto o mapa de titulacións oficiais no seo do SUE. As universidades teñen liberdade para implantar graos de 180 créditos e de 240 ou máis créditos europeos ECTS¹⁰, ben como de mestrados entre 60 e 120 créditos ECTS, con alcance nas súas denominacións. A formación de Posgrao presenta dous itinerarios diferenciados: os que outorgan cualificacións profesionais (profesionalizantes) e os que outorgan competencias académicas e científicas para o acceso aos estudos de doutoramento (art. 10.1). Só o alumnado procedente destes mestrados, denominados investigadores, podían acceder a programas de doutoramento regulados por este Real Decreto. No tocante aos estudos de doutoramento esta norma non adianta materia ao limitarse (art. 11) a identificalos co terceiro ciclo.

Dito Real Decreto sufriu diversas modificacións, a primeira e máis significativa en 2010, coa aprobación do Real Decreto 861/2010, de 2 de xullo¹¹ e, posteriormente, a aprobación do Real Decreto 99/2011, de 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento¹². Recentemente foi modificado co Real Decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade.

2.2.4 Real Decreto 861/2010

O Real Decreto 861/2010, polo que se modifica o Real Decreto 1393/2007, introduce axustes necesarios para garantir unha maior fluidez e eficacia nos criterios e procedementos establecidos no tocante á introdución de novas posibilidades en materia de recoñecemento de créditos por parte das universidades, á posibilidade de as universidades completaren o deseño dos seus títulos de grao coa introdución de mencións ou itinerarios alusivos a unha intensificación curricular concreta, á extensión da habilitación para emitir o preceptivo informe de avaliación no procedemento de verificación a outros órganos de avaliación das comunidades autónomas, ben como á revisión dos procedementos de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

⁹ O Real Decreto 1393/2007 foi derogado recentemente logo da aprobación do Real Decreto 822/2021, de 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade.

¹⁰ Acrónimo inglés de Sistema Europeo de Transferencia e Acumulación de Créditos.

¹¹ BOE 3/07/2010.

¹² BOE 10/02/2011.

2.2.5 Real Decreto 99/2011

O artigo 2.1 do Real Decreto 99/2011 polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento define estes estudos como o “terceiro ciclo de estudos universitarios oficiais, conducente á adquisición das competencias e habilidades ligadas á investigación científica de calidade”. A súa aprobación comportou a substitución dos programas de doutoramento regulados por normativas anteriores¹³. Máis concretamente, supuxo a derogación do Capítulo V do Real Decreto 1393/2007 relativo ás ensinanzas de Doutoramento.

O Real Decreto 99/2011 establece a estrutura (art. 3) e organización (art. 4) do doutoramento, as competencias a adquirir (art. 5), as condicións de acceso (art. 6) e o desenvolvemento da carreira investigadora na súa etapa inicial, o fundamental papel da supervisión e tutela da formación investigadora (art. 11).

No seu artigo 9 prevé que as universidades poidan crear Escolas de Doutoramento a fin de organizar, dentro do seu ámbito de xestión, as ensinanzas e actividades propias do doutoramento, cuxas especiais características aconsellan un alto grao de flexibilidade na regulación dos estudos e un modelo de formación doutoral con base na universidade, pero integradora da colaboración doutros organismos, entidades e institucións implicadas na I+D+i, tanto nacional como internacional, no que as escolas de doutoramento están chamadas a xogar un papel esencial.

O Real Decreto, actualmente vixente, tamén determina comisións académicas dos programas de doutoramento, ben como a figura do coordinador do programa (art. 8). De resto, introduce como novidade o Documento de Actividades do Doutorando (DAD), prevendo un réxime de supervisión e seguimento do mesmo. Segundo prescribe o art. 2, trátase dun rexistro individualizado de control de actividades de formación realizadas polo doutorando. Este documento é regularmente revisado polo titor e director de tese e avaliado anualmente pola comisión académica responsábel do programa de doutoramento.

Relativamente aos estudos, o Real Decreto 99/2011 marca, pola primeira vez, un prazo máximo de duración dos estudos de doutoramento, coa posibilidade de dedicación a tempo parcial e a tempo completo. No primeiro dos casos, establécese o prazo de tres anos (máis dúas prorrogacións excepcionais dun ano cada unha) e, no segundo, de cinco anos (máis dúas prorrogacións excepcionais, a primeira de dous anos e a segunda dun ano).

Aínda que, como norma xeral, existen dúas convocatorias¹⁴ ordinarias de matrícula por curso académico, cada universidade fixa os seus prazos específicos de matrícula. O Anexo 1 mostra as actuais condicións de acceso a doutoramento establecidas pola UVigo.

Segundo o art. 16 os estudos de doutoramento poden non estar relacionados cos previos de Grao e Mestrado se, polo menos, se completan con carácter xeral 300 ECTS e a súa orientación é netamente investigadora, coa excepción do título de Doutoramento con mención Industrial. Deste xeito, dito doutoramento, regulado polo art. 15 bis do Real Decreto 195/2016, de 13 de maio, polo que se regula o Suplemento Europeo ao Título de Doutoramento é o único título de doutoramento con carácter profesionalizante.

O Real Decreto 99/2011 foi modificado levemente en tres ocasións:

¹³ Planos de estudos de doutoramento extintos consoante o Real Decreto 1393/2007 e Real Decreto 778/1998

¹⁴ Como norma xeral en outubro e febreiro.

- Real Decreto 534/2013, cuxa modificación¹⁵ afecta á cualificación global concedida á tese e a disposición transitoria primeira, relativa á adaptación e extinción dos programas de doutoramento verificados conforme ao establecido no Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro.
- Real Decreto 43/2015, de 2 de febreiro, modifica o apartado relativo aos requisitos de acceso ao doutoramento¹⁶.
- Real Decreto 195/2016, de 13 de maio, afecta á diversos artigos e incorpora un novo, o 15bis que regula a mención industrial no título de doutor.

A entrada en vigor do Real Decreto 99/2011 supuxo o desenvolvemento pola Xunta de Galicia de lexislación propia para o Sistema Universitario Galego (SUG). Nese sentido, en 2013, o Decreto 95/2013 da Xunta de Galicia establece a creación das escolas de doutoramento nas universidades do SUG. Ao abrigo desa normativa fíxose efectiva, no seo da UVigo, a creación da Escola Internacional de Doutoramento (Eido). Con posterioridade foi notificada a creación de dita escola ao Ministerio de Educación a través da Dirección Xeral de Política Universitaria para os efectos da súa inscrición no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos (RUCT)¹⁷, figurando co código 36020684.

A UVigo desenvolveu a súa normativa propia e de aplicación ao seu alumnado matriculado. Entre esta normativa propia destaca o “Regulamento de Estudos de Doutoramento (RED) na UVigo”, documento que regula de forma unitaria os aspectos de xestión académica e o “Regulamento de Réxime Interno da Eido”, aprobado para ordenar as normas xerais que regulen a organización e a xestión da Eido da UVigo consonte o establecido na lexislación de referencia¹⁸.

2.2.6 Real Decreto 822/2021

Esta norma de recente aprobación¹⁹ derroga o Real Decreto 1393/2007. En xeral, modifica os procedementos de verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación das titulacións, establece prazos máximos para ditos procedementos e potencia a acreditación institucional dos centros.

Para máis informacións, o Anexo 2 reflicte o cadro normativo vixente dos estudos de doutoramento no SUG e, máis particularmente, na Universidade de Vigo.

¹⁵ Apartado 7 do artigo 14.

¹⁶ Modificación do apartado 1 do artigo 6.

¹⁷ <https://www.educacion.gob.es/ruct/consultacentros.action?actual=centros>

¹⁸ Real Decreto 99/2011, Real Decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do estudante universitario, o RED da UVigo e os Estatutos da Universidade de Vigo.

¹⁹ BOE núm. 233, de 29 de setembro de 2021.

ESTUDOS DE DOUTORAMENTO NA UVIGO

Desde a súa creación no curso 1989/90, a Universidade de Vigo foi consciente de que o desenvolvemento de estudos de doutoramento contribúen a potenciar intrinsecamente as características e prestixio dunha institución do ensino superior.

Este apartado aborda a organización académico-administrativa dos estudos de doutoramento no seo da UVigo, a evolución experimentada pola oferta formativa desde a súa creación até o momento actual e o sistema de garantía da calidade implantado.

1. Organización académica

A Escola Internacional de Doutoramento da UVigo²⁰ (coñecida como Eido) é un centro de educación superior universitaria da Universidade de Vigo que ten a finalidade de organizar, dentro do seu ámbito de xestión, as ensinanzas e as actividades propias do doutoramento.

O Regulamento de estudos de doutoramento da Universidade de Vigo²¹, aprobado polo Consello de Goberno da UVigo de 20 de xullo de 2012, establece no seu artigo 4 que as escolas de doutoramento asumirán a organización, planificación, xestión, supervisión e seguimento da oferta global de actividades propias do doutoramento. A súa finalidade será concibir un modelo de formación doutoral flexíbel, interdisciplinario e de calidade, orientado a potenciar as liñas de investigación de maior interese e proxección da universidade. Indícase, alén diso, que a estrutura e as competencias das escolas de doutoramento definiranse no acordo de creación aprobado polo Consello de Goberno da universidade.

De acordo co procedemento decretado pola Xunta de Galicia, no Consello de Goberno de 21 de decembro de 2012 é aprobado o acordo de creación da Escola de Doutoramento da Universidade de Vigo. Logo despois, a creación da Escola Internacional de Doutoramento da Universidade de Vigo (Eido da UVigo) fíxose efectiva coa publicación do Decreto 95/2013, do 13 de xuño, polo que se crean as escolas de doutoramento nas universidades do SUG²². Con posterioridade, foi notificada a creación da Escola ao Ministerio de Educación a través da Dirección Xeral de Política Universitaria para os efectos da súa inscrición no RUCT.

Posteriormente, no Consello de Goberno da UVigo, de 29 de outubro de 2013, aprobouse un regulamento de réxime interno provisorio con vixencia para o curso 2013/14 para iniciar de xeito efectivo as actividades da Eido coa creación do seu Comité de Dirección e o establecemento dunha Comisión Permanente. Entre outras funcións, indicouse a de proporlle ao Consello de Goberno un regulamento definitivo²³ que fixase, no ámbito da UVigo, as normas xerais que regulen a organización e a xestión da Eido.

Segundo o artigo 3 do Regulamento, na Escola intégranse todos os programas de doutoramento²⁴ adaptados ao Real Decreto 99/2011 que dispoñan dun informe favorable de verificación do Consello de Universidades e dunha autorización por parte

²⁰ <https://www.uvigo.gal/estudar/organizacion-academica/eido-escola-internacional-doutoramento>

²¹ Regulamento emanado dun acordo entre as tres universidades do SUG co obxecto de regular a organización dos estudos de doutoramento conducentes á obtención do título de doutor ou doutora.

²² DOG de 26/6/2013.

²³ Aprobado na súa sesión de 14 de outubro de 2014.

²⁴ Tamén quedarán incorporados á Eido da UVigo os programas de doutoramento adscritos ao Campus do Mar mentres non conte cunha escola de doutoramento propia.

da Xunta de Galicia. A Eido conta cun órgano de goberno (Comité de Dirección), con funcións organizativas e de xestión, composto polo equipo de goberno (dirección, subdirección e secretaría académica), coordinadores/as dos programas de doutoramento adscritos, representación de cada unha das vicerreitorías con competencias en estudos de doutoramento (Ordenación Académica e Profesorado, Investigación, Transferencia e Internacionalización, designados pola vicerreitoría correspondente), as persoas responsábeis do Servizo e da Área de Posgrao e unha representación do alumnado de doutoramento e outra das entidades colaboradoras.

Finalmente, a Eido da UVigo púxose en marcha o 2 de decembro de 2013 coa celebración, na sala de xuntas do Consello de Goberno da UVigo, da primeira reunión do seu Comité de Dirección, comezando a operar plenamente a partir de xaneiro de 2014. Consoante o Regulamento de Réxime Interno nesta primeira reunión do Comité de Dirección iniciouse o procedemento para a elección dunha Comisión Permanente. Na actualidade este órgano está formado pola dirección da Eido (director, subdirector e secretaría académica), sete coordinadores dos programas de doutoramento en representación dos ámbitos de coñecemento, os responsábeis do Servizo de Posgrao e da Área de Posgrao e representación do estudantado.

2. Organización administrativa

Dentro da organización administrativa académica da UVigo, o Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao²⁵ ten como misión impulsar e coordinar as actuacións administrativas relacionadas co alumnado e necesarias para a xestión dos estudos de posgrao (mestrados universitarios, doutoramento e títulos propios).

Entre as súas funcións, ao Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao compete:

- Propor as instrucións de matrícula e admisión, planificar e coordinar os procesos e resolver incidencias
- Elaborar propostas de normas e criterios de aplicación sobre a materia e resolver incidencias
- Tramitar a elaboración e modificación de plans de estudos, elaborar e actualizar o catálogo de títulos de mestrado e doutoramento
- Colaborar e prestar apoio ao sistema de garantía de calidade nos centros, singularmente nos procesos de verificación, seguimento e acreditación das titulacións oficiais dos centros
- Coordinar a intervención das diferentes unidades colaboradoras e asistir tecnicamente ao persoal da unidade e dos centros, ámbitos e campus nas tarefas específicas da xestión académica
- Xestionar e expedir os títulos de mestrado, doutoramento e outros documentos relacionados
- Xestionar as propostas de títulos propios e expedir os títulos e diplomas
- Prestar apoio, coordinar e xestionar os acordos da Escola Internacional de Doutoramento
- Elaborar estudos e informes
- Tramitar reclamacións e impugnacións e elaborar propostas de resolución
- Actuar con criterios de colaboración e asistencia con outras administracións e entidades relacionadas coa universidade

²⁵ <https://www.uvigo.gal/universidade/administracion-persoal/organizacion-administrativa/servizo-xestion-estudios-posgrao>

3. Oferta académica

No primeiro bienio da UVigo (1990-92) a oferta académica de doutoramento limitábase a once programas: sete do ámbito tecnolóxico, dous do xurídico-social e dous do científico.

Cadro nº 1. Oferta formativa de estudos de doutoramento da UVigo no bienio 1990-92

	Ámbito académico
Análise e Intervención Psicosocioeducativa en Ambientes Deficitarios	Xurídico-Social
Aplicacións Industriais do Láser	Tecnolóxico
Economía Industrial	Xurídico-Social
Enxeñaría de Automatización e Informática Industrial	Tecnolóxico
Enxeñaría Electrónica	Tecnolóxico
Fundamentos Metalúrxicos, Estruturais e Enerxéticos para o Deseño de Equipos Mecánicos	Tecnolóxico
Patrimonio Natural e Procesos de Degradación Ambiental	Científico
Química Fundamental	Científico
Tecnoloxía da Corrosión e do Ambiente	Tecnolóxico
Tecnoloxía Eléctrica	Tecnolóxico
Tecnoloxías das Comunicacións	Tecnolóxico

Logo a seguir a oferta formativa foise ampliando, pasando, no primeiro quinquenio da UVigo, a 16 no bienio 1991-93, 19 no bienio 1992-94, 15 no bienio 1993-95 e 33 no momento da posta en marcha da Eido, en decembro de 2013.

Transcorridos trinta anos da creación da UVigo, na actualidade a oferta formativa da Eido consta de 40 diferentes programas de doutoramento²⁶ agrupados nos seguintes ámbitos de coñecemento: Campus de excelencia internacional do Mar, Campus CREA, Campus da Auga, Artes e Humanidades, Científico/Ciencias da Saúde, Tecnolóxico e Xurídico-Social.

Os seguintes cadros mostran a actual oferta de estudos dos programas de doutoramento da UVigo segundo os referidos ámbitos de coñecemento, con indicación dos campus universitarios onde están implantados.

Cadro nº 2. Oferta formativa de estudos de doutoramento na Área de Ciencias Sociais e Xurídicas

	Campus
Análise Económica e Estratexia Empresarial²⁷	Vigo
Ciencias da Educación e do Comportamento	Ourense
Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudábel²⁸	Pontevedra
Creatividade e Innovación Social e Sustentábel	Pontevedra
Educación, Deporte e Saúde	Pontevedra
Equidade e Innovación en Educación²⁹	Pontevedra
Ordenación Xurídica do Mercado	Vigo
Turismo³⁰	Ourense
Xestión e Resolución de Conflictos. Menores, Familia e Xustiza Terapéutica	Vigo

²⁶ <https://www.uvigo.gal/estudar/que-estudar/doutoramento>

²⁷ Programa de Doutoramento conxunto da UVigo (coordinadora), UDC e USC.

²⁸ Programa de Doutoramento conxunto da UDC (coordinadora) e UVigo.

²⁹ Programa de Doutoramento conxunto da UVigo (coordinadora), USC, UDC, Universidade de Oviedo e Universidade de Cantabria.

³⁰ Programa de Doutoramento conxunto da Universidade de Málaga (coordinadora), UVigo e outras dez universidades do SUE.

Cadro nº 3. Oferta formativa de estudos de doutoramento da UVigo na Área de Ciencias

	Campus
Auga, Sustentabilidade e Desenvolvemento	Ourense
Biotecnoloxía Avanzada³¹	Vigo
Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentar	Ourense
Ciencia e Tecnoloxía de Coloides e Interfaces	Vigo
Ciencia e Tecnoloxía Química³²	Vigo
Ecosistemas Terrestres, Uso Sustentábel e Implicacións Ambientais	Ourense
Estatística e Investigación Operativa³³	Vigo
Física Aplicada³⁴	Vigo
Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida	Vigo
Química Teórica e Modelización Computacional³⁵	Vigo

Cadro nº 4. Oferta formativa de estudos de doutoramento da UVigo na Área de Artes e Humanidades

	Campus
Creación e Investigación en Arte Contemporánea	Pontevedra
Estudios Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura³⁶	Vigo
Estudios Lingüísticos³⁷	Vigo
Estudios Literarios³⁸	Vigo
Tradución e Paratradución	Vigo

Cadro nº 5. Oferta formativa de estudos de doutoramento da UVigo na Área de Enxeñaría e Arquitectura

	Campus
Eficiencia Enerxética e Sustentabilidade en Enxeñaría e Arquitectura³⁹	Vigo
Enxeñaría Química	Vigo
Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria	Vigo
Láser, Fotónica e Visión⁴⁰	Vigo
Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas⁴¹	Vigo
Sistemas de Software Intelixentes e Adaptábeis	Ourense
Tecnoloxía Aeroespacial: Enxeñarías Electromagnética, Electrónica, Informática e Mecánica⁴²	Vigo
Tecnoloxías da Información e as Comunicacións	Vigo
Xeotecnoloxías Aplicadas á Construción, Enerxía e Industria⁴³	Vigo

³¹ Programa de Doutoramento conxunto da UVigo (coordinadora) e Universidade da Coruña.

³² Programa de Doutoramento conxunto da Universidade de Santiago de Compostela (coordinadora) e UVigo.

³³ Programa de Doutoramento conxunto da Universidade de Santiago de Compostela (coordinadora), Universidade da Coruña e UVigo.

³⁴ Programa de Doutoramento conxunto da UVigo (coordinadora) e Universidade da Coruña.

³⁵ Programa de Doutoramento conxunto da Universidade Autónoma de Madrid, UVigo e outras 11 universidades do SUE (Theoretical Chemistry and Computational Modelling)

³⁶ Programa de Doutoramento conxunto da Universidade de Santiago de Compostela (coordinadora), UVigo e Universidade da Coruña.

³⁷ Programa de Doutoramento conxunto da UVigo (coordinadora) e Universidade da Coruña.

³⁸ Programa de Doutoramento conxunto da UVigo (coordinadora) e Universidade da Coruña.

³⁹ Programa de doutoramento conxunto da Universidade do País Basco (coordinadora), UVigo e Universidade de Burgos.

⁴⁰ Programa de Doutoramento conxunto da Universidade de Santiago de Compostela (coordinadora), UVigo e Universidade da Coruña.

⁴¹ Programa de Doutoramento conxunto da Universidade de Santiago de Compostela (coordinadora), Universidade da Coruña e UVigo.

⁴² Programa de Doutoramento conxunto da UVigo (coordinadora) e Universidade de Estremadura.

⁴³ Programa de Doutoramento conxunto da UVigo (coordinadora) e Universidade de Salamanca.

Cadro nº 6. Oferta formativa de estudos de doutoramento da UVigo na Área de Ciencias da Saúde

	Campus
Endocrinoloxía⁴⁴	Vigo
Nanomedicina⁴⁵	Vigo
Neurociencia e Psicoloxía Clínica⁴⁶	Vigo

Cadro nº 7. Oferta formativa multidisciplinar de estudos de doutoramento da UVigo

	Campus
Área de Ciencias, Área de Ciencias Sociais e Xurídicas, Área de Enxeñaría e Arquitectura	
Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión⁴⁷	Vigo
Área de Artes e Humanidades, Área de Ciencias Sociais e Xurídicas	
Comunicación	Vigo
Área de Enxeñaría e Arquitectura, Área de Artes e Humanidades	
Protección do Patrimonio Cultural⁴⁸	Vigo

Cadro nº 8. Novos estudos de doutoramento da UVigo no cadro do programa UNISF entre as universidades galegas e da Rexión Norte de Portugal

	Campus
Ciencias Sociais e Envellecemento⁴⁹ (Área das Ciencias Sociais e Xurídicas)	Ourense
Matemáticas e Aplicacións⁵⁰ (Área de Ciencias)	Vigo

4. Garantía de calidade

Os criterios e directrices de garantía da calidade do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) establecidos en 2005 pola Asociación Europea para Garantía da Calidade no Ensino Superior⁵¹ (ENQA) son aplicábeis a toda a educación superior. Na súa actualización de 2015, estas directrices inciden na conexión da ensinanza e da aprendizaxe coa investigación e coa innovación; isto é, cos padróns europeos de investigación implantados no Espazo Europeo de Investigación⁵² (EEI). Por outro lado, a lexislación vixente do ensino universitario e de doutoramento establece o marco para mellorar a calidade en todas as áreas da actividade universitaria e para regular os procesos de verificación, seguimento e acreditación dos programas de doutoramento.

Na secuencia deste compromiso con esta estratexia integral de aseguramento da calidade⁵³, a Eido está a implementar os seguintes Programas de Calidade:

⁴⁴ Programa de Doutoramento conxunto da Universidade de Santiago de Compostela (coordinadora) e UVigo.

⁴⁵ En extinción.

⁴⁶ Programa de Doutoramento conxunto da Universidade de Santiago de Compostela (coordinadora), UVigo e Universidade da Coruña.

⁴⁷ Programa de Doutoramento conxunto da Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela, UVigo, Universidade de Aveiro (UA) e Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro (UTAD),

⁴⁸ Programa de Doutoramento conxunto da Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela e UVigo.

⁴⁹ Programa de Doutoramento conxunto da UVigo (coordinadora), Universidade de Santiago de Compostela, Universidade da Coruña, Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro (UTAD) e Universidade do Porto (UPorto).

⁵⁰ Programa de Doutoramento conxunto da Universidade de Santiago de Compostela (coordinadora), UVigo, Universidade da Coruña, Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro (UTAD), Universidade do Minho (UMinho) e Universidade do Porto (UPorto).

⁵¹ <https://www.enqa.eu/>

⁵² <https://www.ciencia.gob.es/portal/site/MICINN/menuitem.26172fcf4eb029fa6ec7da6901432ea0/?vgnextoid=a714cd8da41c1410VgnVCM1000001d04140aRCRD>

⁵³ <https://www.uvigo.gal/estudar/organizacion-academica/eido-escola-internacional-doutoramento/calidade>

- Sistema de Garantía de Calidade (SGC): mecanismo creado para xestionar o desenvolvemento e os resultados dos programas de doutoramento mediante un sistema de garantía de calidade.

Consta de:

- Manual de Calidade: Documento principal do SGC que define a política e os obxectivos de calidade, alcance e estrutura organizativa e de responsabilidade en materia de calidade
- Política e Obxectivos de Calidade: Documento onde se formaliza a estratexia da Eido
- Manual de procedementos
- Outra documentación de calidade
- Rexistros de calidade
- Seguimento e acreditación dos programas de doutoramento: Programas para avaliar a implantación dos programas verificados e renovar a súa acreditación a fin de lograr os seus obxectivos e responder ás necesidades das persoas matriculadas e da sociedade.
- Medición da satisfacción dos programas de doutoramento e inserción laboral: Programa destinado a recoller a percepción das persoas matriculadas e doutros grupos de interese de doutoramento para analizar e mellorar a súa satisfacción e a calidade dos programas de doutoramento
- Programa HRS4R de Excelencia do persoal investigador: Programa da Comisión Europea para implantar os padróns europeos de investigación na fase predoutoral e no resto da carreira investigadora

O desenvolvemento destes programas é responsabilidade da Comisión de Calidade da Eido, un órgano colexiado composto polo presidente/director da Eido, o director da Área de Calidade (ou persoa en quen delegue), o coordinador de calidade/subdirector da Eido, o xefe do Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao (ou persoa en quen delegue), representación do estudantado de doutoramento e dos responsábeis de calidade dos programas de doutoramento por cada ámbito recoñecido no Regulamento de Réxime Interno da Eido (Artes e Humanidades, Enxeñaría e Arquitectura, Xurídico-Social, Campus do Mar e Ciencias) e polo técnico de calidade.

En outubro de 2019 a Eido convértese na primeira do SUG a obter a certificación de calidade ao deseño do Sistema de Garantía de Calidade, recoñecemento outorgado pola ACSUG, con base nos European Standards & Guidelines for Quality Assurance in the European Higher Education Area.

5. Medición de Indicadores de inserción laboral

Consoante as directrices dos sistemas de garantía da calidade no ensino superior, entre os Programas de Calidade desenvolvidos pola Eido inclúese a medición da inserción laboral das persoas tituladas en estudos de doutoramento da UVigo. Porén, até o momento o único informe⁵⁴ existente nas fontes e recursos dispoñíbeis da UVigo é un extracto estatístico do Sistema Universitario Español (SUE). Este informe inclúe información sobre algúns indicadores de inserción laboral dos egresados/as en doutoramento do curso 2009-10 no período 2011-14.

As fontes existentes fornecen información sobre os seguintes indicadores:

- Taxa de afiliación á Seguranza Social por rama de coñecemento e xénero

⁵⁴ <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/71/78>

- Taxa de afiliación á Seguranza Social por ámbito de coñecemento (criterios ISCED 2) e xénero
- Taxa de afiliación á Seguranza Social no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA) por ámbito de coñecemento (criterios ISCED 2) e xénero
- Grupo de cotización á Seguranza Social por rama de coñecemento e xénero

A información actualmente existente sobre os indicadores de inserción laboral das persoas tituladas en doutoramento da UVigo é claramente insuficiente segundo os criterios de garantía da calidade esixidos polas directrices referidas, pois non permiten obter indicadores sobre a situación laboral dos doutorados nen unha valoración sobre a formación recibida no tocante á relación existente entre o emprego e os estudos realizados e entre as esixencias do emprego e o nivel académico adquirido na UVigo.

METODOLOXÍA

1. Procedemento

Este apartado describe os pasos dados para o desenvolvemento deste estudo, o primeiro realizado sobre a inserción laboral das persoas tituladas en estudos de doutoramento da UVigo.

1.1 Explotación da Base de Datos do Observatorio

Como proxecto do Consello Social encargado do seguimento da inserción laboral das persoas tituladas da UVigo, desde a súa creación no ano 2016⁵⁵, o Observatorio de Persoas Tituladas ven elaborando de forma periódica estudos e enquisas de seguimento dos antigos estudantes que permiten coñecer a evolución da súa empregabilidade.

Especialmente relevante para os fins deste traballo foi a publicación, en 2018, do “Estudo sobre a situación profesional das persoas tituladas da UVigo (1990-2015)”, un macroestudo de inserción laboral en que participaron 10.748 antigos estudantes e, máis recentemente, no ano 2020, o “Estudo sobre o impacto laboral da primeira onda da pandemia de Covid-19 nas persoas tituladas da UVigo. Marzo-Xuño de 2020” e no ano 2021 do “Estudo sobre o impacto laboral da segunda onda da pandemia de Covid-19 nas persoas tituladas da UVigo. Setembro-Decembro de 2020” con informacións actualizadas sobre a inserción laboral das persoas tituladas entre 1990 e 2020.

A teor destes estudos, o Observatorio conseguiu configurar e consolidar unha Base de Datos de Persoas Tituladas da UVigo con información de tipo persoal, académica e profesional dos egresados/as das diferentes titulacións da UVigo. Alén diso, esta Base de Datos periodicamente está a ser actualizada non só coas enquisas implementadas nos referidos informes publicados, mais tamén coa información fornecida polo antigo alumnado que accede ao formulario de alta e actualización de datos aloxado na páxina Web do Observatorio.

A diferenza dos traballos anteriores, para os fins deste informe sobre a inserción laboral das persoas tituladas en estudos de doutoramento da UVigo non foi aplicada ningunha enquisa *ad hoc* a partir dun cuestionario específico, senón que se procedeu a extraer os resultados daquelas variábeis e indicadores específicos de empregabilidade das persoas tituladas con perfil de doutorado obtido na UVigo existentes na nosa Base de Datos. O sistema de indicadores empregado neste estudo (Cf. Apartado 2 desta parte), seleccionados segundo os obxectivos desta investigación, abranxen aspectos comúns aos informes publicados, o que permite a integración e comparativa de resultados.

1.2 Selección da mostra

Aínda que para a realización dos informes de inserción laboral só foran contempladas as titulacións oficiais da UVigo con titulados/as no mercado de traballo que realizaron ciclos longos⁵⁶ e ciclos curtos⁵⁷ (xa extintos), Graos, Mestrados e Títulos Propios⁵⁸, nas mostras obtidas constatouse a existencia dunha parcela non negligenciábel de persoas tituladas que realizaran os estudos de doutoramento na UVigo.

⁵⁵ Por acordo da Comisión de Actividades e Servizos do Consello Social da UVigo de 3/2/2016 (ratificado polo Pleno do Consello Social de 29/4/2016).

⁵⁶ Licenciaturas e Enxeñarías Superiores.

⁵⁷ Diplomaturas e Enxeñarías Técnicas.

⁵⁸ Graduados Superiores, Graduados Universitarios e Titulados Superiores.

Así sendo, no “Estudo sobre a situación profesional das persoas tituladas da UVigo (1990-2015)”, un 5,1% obtivera o título de doutoramento, dos cales unha maioría de 73,9% realizáralo na UVigo. Alén diso, nos referidos estudos de seguimento do impacto laboral da pandemia realizados polo Observatorio no período 2020-21 tamén se constatou a participación de titulados/as en estudos de doutoramento⁵⁹. A proporción de persoas tituladas en doutoramento é congruente cos datos do Instituto Nacional de Estatística (INE), que sitúa en aproximadamente o 5% a proporción de persoas tituladas en segundo ciclo en que son admitidas nos programas de doutoramento.

As referidas fontes, xunto cos rexistros incorporados no formulario de alta e actualización de datos no Observatorio realizada coa colaboración do Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao, permiten contar coa información sobre a situación laboral dunha notábel cantidade de doutores/as titulados da UVigo. En consecuencia, desde que procesados os datos destes titulados/as en doutoramento estarase en condicións de configurar a mostra final obxecto deste estudo.

1.3 Procesamento de datos

Seleccionados os datos das persoas tituladas en doutoramento da UVigo a partir das fontes referidas, procedeuse ao seu procesamento, consistente na súa necesaria revisión, verificación e depuración.

A revisión consistiu preferentemente na eliminación dos rexistros duplicados, consignando como definitivos aqueles de máis recente incorporación. O procedemento de verificación consistiu en integrar na mostra avaliada aqueles casos que presentaron a tese doutoral, descartando os que chegaran ao nivel da suficiencia investigadora (DEA) sen realizar a tese de doutoramento. Para iso foron utilizadas dúas fontes endóxeas á UVigo: a colaboración dos técnicos do Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao e Investigo⁶⁰, o repositorio institucional da UVigo que recolle, difunde e preserva a produción científica do seu persoal investigador con rexistro das teses de doutoramento lidas na universidade.

Para confirmar os datos recollidos tamén se recorreu a buscadores de teses, principalmente TESEO⁶¹, a Base de datos de Teses Doutorais do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e o buscador de teses de doutoramento da Fundación Dialnet⁶², da Universidade de La Rioja (UR).

Naqueles casos que foi preciso, a información recollida foi revisada e codificada para ser traducida en indicacións cifradas que facilitasen as clasificacións e posterior tratamento informático.

1.4 Análise estatística de datos

A análise estatística dos dados foi realizada coa versión 24 do programa IBM SPSS Statistics, o que permitiu a análise de frecuencias e de tabelas cruzadas (proba chi-cuadrado) para determinar a existencia de relacións de significancia ou dependencia estatística. Esta proba compara a distribución observada dos datos coa esperada dos

⁵⁹ A participación de persoas tituladas en doutoramento da UVigo nos estudos do impacto laboral da pandemia foi do 5,4% durante a primeira onda da pandemia (mostra de 3217 suxeitos) e do 4,3% na segunda onda (mostra de 2283 suxeitos).

⁶⁰ <http://www.investigo.biblioteca.uvigo.es/xmlui?locale-attribute=gl>

⁶¹ <https://www.educacion.gob.es/teseo/irGestionarConsulta.do>

⁶² https://dialnet.unirioja.es/institucion/buv/buscar/tesis?query=Dismax.DOCUMENTAL_TODO=

mesmos, o que permite determinar se unha variábel está asociada a outra ou se o valor observado dunha variábel depende doutra.

2. Indicadores de inserción laboral

Para a realización deste estudo foron seleccionados os indicadores comúns usados nos cuestionarios autoaplicados polo Observatorio de Persoas Tituladas e no formulario de alta e actualización de datos da nosa Base de Datos de Persoas Tituladas. A información recollida está estruturada en cinco bloques: información persoal, información académica, información sobre a situación socio-laboral, información sobre o perfil profesional e valoración do emprego.

2.1 Información socio-demográfica

Este bloque recolle unha serie de datos persoais para identificar a persoa titulada⁶³, publicándose samente o xénero e lugar de residencia actual.

Os campos ligados ao lugar de residencia inclúen informacións sobre concello/cidade, código postal, provincia, rexión/comunidade autónoma e país.

Esta información permite determinar os seguintes indicadores:

- % de doutores/as segundo o xénero
- % de doutores/as residentes en Galicia
- % de doutores/as residentes noutras comunidades autónomas
- % de doutores/as residentes no estranxeiro

2.2 Información académica

Para definir o perfil académico das persoas tituladas en doutoramento da UVigo o Observatorio conta con información, facilitada polos propios suxeitos avaliados neste estudo, sobre os seguintes indicadores:

Promoción académica: Ano en que se realizou a lectura da tese de doutoramento. A efectos de análise este campo foi agrupado en quinquenios de cara a facer unha avaliación cualitativa.

Programa oficial de doutoramento: As informacións fornecidas polas persoas inquiridas foi revisada coa axuda de persoal do Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao.

Ramas de coñecemento: De elaboración propia a partir da especialidade do doutoramento. A asignación, ao igual que nos informes publicados con anterioridade, realizouse tendo en conta a distribución por ámbitos académicos definida segundo os criterios de clasificación da ACSUG e das directrices do Ministerio de Educación..

Titulacións obtidas na UVigo: Mostra as titulacións realizadas na UVigo previamente ao doutoramento, abranxendo tanto os títulos de ciclo extinguidos⁶⁴, graos e mestrados universitarios. A partir desta información foron elaborados os itinerarios académicos reflectidos neste Informe (Cf. apartado 5 da Parte II)

Estas informacións foron fornecidas a partir das listas de persoas tituladas integrada no Sistema de Xestión de Base de Datos do Observatorio e que foi elaborada a partir dos

⁶³ Relativos a nome, apelidos e enderezo de correo electrónico.

⁶⁴ Ciclos longos (diplomaturas e enxeñarías técnicas) e longos (licenciaturas e enxeñarías superiores).

datos cedidos en 2011⁶⁵ e 2016⁶⁶ polo órgano de goberno autorizado da UVigo. Adicionalmente estas informacións complementáanse coas directamente fornecidas polos suxeitos avaliados neste Informe a partir da súa participación en estudos de inserción laboral realizados polo Observatorio entre os anos 2016 e 2020.

Universidade de procedencia: No caso de persoas tituladas en doutoramento da UVigo procedentes doutras universidades, no presente Informe localízase tanto a universidade de procedencia como os títulos de primeiro ou segundo ciclo realizados.

2.3 Información sobre a situación socio-laboral

Este bloque reflicte a información sobre a situación socio-laboral da mostra de persoas tituladas en doutoramento da UVigo avaliada a partir das seguintes variábeis de análise:

- Traballo por conta allea na empresa privada
- Traballo por conta allea na administración pública (funcionario/a)
- Traballador/a autónomo/a (autoemprego)
- Empresario/titular dunha empresa
- Desempregado/a procurando emprego
- Xubilado/pensionista ou invalidez
- Continua estudos universitarios
- Prepara oposicións
- Outras situacións: excedencia, coidado familiar, baixa laboral...

A partir destas variábeis pódense obter os seguintes indicadores de inserción laboral:

- % de doutores/as que traballan por conta allea (taxa de asalarización)
- % de doutores/as que traballan como empregados na empresa privada
- % de doutores/as que traballan como empregados na administración pública
- % de doutores/as que traballan por conta propia (taxa de emprendemento)
- % de doutores/as que traballan no RETA (traballadores/a autónomos)
- % de doutores/as que traballan como empresarios/as
- % de doutores/as ocupados (taxa de ocupación)
- % de doutores/as desempregados/as (taxa de desemprego)

2.4 Información sobre o perfil profesional

Este bloque recompila todas as informacións sobre a situación profesional que axude a perfilar a especialización profesional da mostra avaliada. De maneira sintética, recóllense as informacións máis relevantes sobre as circunstancias que concorren na súa situación de emprego, incorporando as seguintes variábeis:

- Lugar do traballo: Localidade, concello, provincia, rexión/comunidade autónoma e país onde está localizada a empresa/entidade en que traballa
- Sector de actividade empresarial⁶⁷
- Modalidade de contratación: Réxime do traballo (por conta allea ou por conta propia)
- Rama de actividade: Empresa privada, ámbito público e entidade non lucrativa (asociación, fundación, ONG...)
- Sector económico do emprego

⁶⁵ Listado de persoas tituladas entre 2005 e 2010, através da Vicerreitoría de Alumnado, Docencia e Calidade.

⁶⁶ Listado de persoas tituladas entre os cursos académicos 1989-90 e 2004-05, ben como entre os cursos 2009-10 e 2014-15, através da Vicerreitoría de Estudantes.

⁶⁷ Inclúese a clasificación da actividade empresarial segundo criterios comunmente admitidos e usados pola rede social profesional LinkedIn.

- Categoría profesional do emprego: Técnico/a cualificado/a, directivo/a, mando intermedio e emprego non cualificado
- Tamaño da empresa/entidade en que traballa

A partir destas variábeis destácanse os seguintes indicadores de inserción laboral:

- % de doutores/as que traballan en Galicia⁶⁸
- % de doutores/as que traballan noutras comunidades autónomas
- % de doutores/as que traballan no estranxeiro

2.5 Valoración do emprego

Finalmente, para valorar o emprego, nun quinto bloque foron incluídos ítems destinados a determinar o índice de adecuación temática e de cualificación no emprego; isto é, parámetros que abordan a relación entre o traballo desenvolvido e os estudos realizados e entre as exixencias do traballo realizado e o nivel académico adquirido na UVigo.

A partir destas variábeis pódense obter os seguintes indicadores de inserción laboral:

- % de relación entre o emprego e os estudos realizados na UVigo (taxa de adecuación temática do emprego)
- % de sobrecualificación
- % de infracualificación

2.6 Esquema dos indicadores aplicados

O Cadro nº9 mostra, de forma esquemática, a estrutura da información recompilada e avaliada neste Informe.

Cadro nº 9. Estructura das variábeis avaliadas

Bloques temáticos	Variábel
Datos persoais	<ul style="list-style-type: none"> - Nome e apelidos - Xénero - Lugar de residencia actual
Datos académicos	<ul style="list-style-type: none"> - Estudos de primeiro ciclo realizados na UVigo - Estudos adicionais de primeiro ciclo noutras universidades - Ano de egreso de cada titulación - Estudos de segundo ciclo realizados na UVigo - Estudos adicionais de segundo ciclo noutras universidades - Regulación dos estudos de doutoramento - Programa de doutoramento - Ano de lectura da Tese de Doutoramento - Universidade de procedencia⁶⁹ - Titulación/s obtida/s na universidade de procedencia
Situación socio-laboral	<ul style="list-style-type: none"> - Emprego por conta allea na empresa privada - Emprego por conta allea no sector público - Traballador/a autónomo/a - Empresario/a (titular dunha empresa) - Desemprego - Outras situacións: xubilado/pensionista ou con invalidez, prepara oposicións, continúa estudos, excedencia/baixa laboral, coidado familiar...
Información profesional	<ul style="list-style-type: none"> - Empresa/entidade en que traballa

⁶⁸ Na mesma comunidade autónoma da UVigo.

⁶⁹ Aplicábel ás persoas tituladas en doutoramento da UVigo que realizaron os títulos de primeiro ou segundo ciclo noutras universidades.

	<ul style="list-style-type: none"> - Modalidade de contratación - Lugar do traballo - Sector da actividade empresarial - Rama de actividade - Sector económico - Categoría profesional - Tamaño da empresa/entidade empregadora
Valoración do emprego	<ul style="list-style-type: none"> - Relación entre o emprego e os estudos realizados - Relación entre o emprego e o nivel académico adquirido na UVigo

3. Definición da poboación e mostra

3.1 Poboación

A poboación obxecto de estudo, segundo os datos recollidos⁷⁰, está constituída por 2.843 persoas tituladas en estudos de doutoramento da Universidade de Vigo entre os anos 1990 e 2020, polo que abranxe as persoas tituladas que completaron estudos de terceiro ciclo nos trinta primeiros anos desta institución.

3.2 Mostra

Consoante os criterios definidos na Metodoloxía, a mostra avaliada neste Informe está conformada por 505 persoas tituladas en estudos de doutoramento da UVigo rexistradas no Observatorio no período 1995-2020.

3.3 Evolución temporal

Os seguintes cadros mostran diferentes datos sobre a configuración da poboación obxecto deste estudo e a mostra finalmente recollida, ben como a súa evolución temporal.

Analizadas por períodos quinquenais, tal como mostra o Cadro nº10, desde o primeiro período (1991-94) até o último quinquenio deste estudo (2016-20), o número de rexistros seguiu unha tendencia crecente, pasando de 26 entre 1995-2000 (5,1% das respostas) a 184 entre 2016-20 (36,7%) e 155 entre 2011-2015 (30,7%).

Cadro nº 10. Tamaño da poboación e mostra obtida (números absolutos)

	Poboación	Mostra	% mostra/poboación
1991-1994	36	0	0,0
1995-2000	273	26	9,5
2000-2005	393	72	18,3
2006-2010	522	68	13,0
2011-2015	815	155	19,0
2016-2020	804	184	22,9
Total	2843	505	17,8

En termos relativos, tal como reflicte o Cadro nº11, a distribución temporal da mostra obtida presenta algunhas desviacións a respecto das distribucións da poboación de persoas doutoradas da UVigo. Así sendo, a desviación positiva no quinquenio 2016-20,

⁷⁰ A partir do buscador de teses de doutoramento da Fundación Dialnet ligada ao repositorio Investigo da Biblioteca Universitaria da UVigo.

sen chegar á sobrerrepresentación, supera considerabelmente o seu peso relativo na poboación.

Cadro nº 11. Tamaño da poboación e mostra obtida (porcentaxes)

	Poboación	Mostra	Desviación mostra/poboación
1991-1994	1,3	0,0	-1,3
1995-2000	9,6	5,1	-4,5
2000-2005	13,8	14,3	0,5
2006-2010	18,4	13,5	-4,9
2011-2015	28,7	30,7	2,0
2016-2020	28,3	36,4	8,1

O maior peso da mostra obtida en doutorados/as titulados no quinquenio 2016-2020 é debido fundamentalmente ao esforzo realizado neste estudo para conseguir unha mostra abondo representativa de persoas tituladas en estudos de doutoramento da UVigo consoante a normativa vixente (Real Decreto 99/2011). A taxa de resposta obtida para esta regulación ascende a 30,28%.

4. Ficha técnica

Ámbito do estudo: Universidade de Vigo. A poboación de interese non se pode encadrar nun ámbito xeográfico concreto, dado que as persoas tituladas en doutoramento desta institución académica non viven/traballan nunha área específica.

Poboación: 2843 persoas tituladas que finalizaron os seus estudos de doutoramento na UVigo e obtiveron o título de Doutor/a entre os anos 1990 e 2020.

Mostra avaliada: 505 suxeitos.

Estratificación: Na hora de realizar a análise leváronse en conta as seguintes variábeis de segmentación: xénero, lugar de residencia/traballo, promoción académica (quinquenal e anual), rama de coñecemento, regulación e programa oficial de doutoramento realizado.

Procedemento de recolla da información: A partir de rexistros actualizados de persoas tituladas en doutoramento da UVigo inscritos na Base de Datos de Persoas Tituladas do Observatorio e das altas na Base de Datos ao abrigo da colaboración co Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao.

Erro: Para un nivel de confianza de 95%, e $p=q$, o erro real é de $\pm 3,955\%$.

PARTE I: INFORMACIÓN SOCIO-DEMOGRÁFICA

1. Xénero

A maioría de persoas tituladas en doutoramento da UVigo rexistradas na Base de Datos do Observatorio son mulleres (56,4%) contra un 43,6% de homes.

2. Lugar de residencia

A maioría de doutorados/as da UVigo entre 1995 e 2020 residen en Galicia (69,4%), duplicando a proporción dos que o fan no estranxeiro (20,5%) a outras comunidades autónomas (10,1%).

Por xéneros, tal como mostra o Cadro nº12, a emigración afecta máis aos homes (33,0%) que ás mulleres (28,8%). En ambos os casos, a emigración ao estranxeiro é superior a outras comunidades autónomas (22,9% contra 10,1% nos homes e 18,6% contra 10,2% nas mulleres).


Cadro nº 12. Lugar de residencia

	%	Home	Muller
Galicia	69,4	67,0	71,2
Outras comunidades autónomas	10,1	10,1	10,2
Resto do mundo	20,5	22,9	18,6

2.1 Persoas tituladas residentes en Galicia

O 69,4% de persoas tituladas en doutoramento da UVigo residen en Galicia, mostrándose a seguir a súa distribución por provincias e concellos.

2.1.1 Provincias




Mapa nº 1. Lugar de residencia en Galicia por provincias

A inmensa maioría de doutores/as residentes en Galicia (89,8%) vive nas provincias onde se localizan os campus da UVigo (71,0% en Pontevedra e 18,1% en Ourense), seguido pola Coruña (8,3%) e, a máis distancia, Lugo (2,6%).

2.1.2 Concellos

A maioría de persoas tituladas en doutoramento da UVigo residentes en Galicia (63,2%) vive nas cidades de Vigo (43,5%), Ourense (12,2%) e Pontevedra (7,5%). A máis distancia áchase a cidade da Coruña (3,2%) e concellos como Redondela (2,0%) e Cangas (1,7%).



Mapa nº 2. Lugar de residencia en Galicia por concellos

[> Visualización de datos](#)


2.2 Persoas tituladas residentes noutras comunidades autónomas

O 10,1% de persoas tituladas en doutoramento da UVigo viven noutras comunidades autónomas. A seguir móstrase a súa distribución porcentual por comunidades autónomas e provincias.

2.2.1 Comunidades autónomas

Na Comunidade de Madrid reside o 37,3% das persoas tituladas en doutoramento da UVigo residentes noutras comunidades autónomas, seguida, a máis distancia, pola


Comunidade Valenciana (13,7%), Cataluña (9,8%), Castela e León (7,8%), Andalucía, Cantabria e País Basco (5,9% cada unha).



Mapa nº 3. Lugar de residencia noutras comunidades autónomas

[> Visualizar datos](#)

2.2.2 Provincias



Mapa nº 4. Lugar de residencia noutras comunidades autónomas por provincias


[> Visualizar datos](#)

2.3 Persoas tituladas residentes no resto do mundo

O 20,5% das persoas tituladas en doutoramento da UVigo viven espalladas por 28 países dos cinco continentes segundo a seguinte distribución:

- África (1): África do Sul
- América do Norte (5): Canadá, Cuba, Estados Unidos, Grenlandia⁷¹ e México.
- América do Sul (5): Arxentina, Brasil, Chile, Ecuador e Perú.
- Asia (2): Malaisia e Xapón
- Europa (15): Alemaña, Bélxica, Chequia, Dinamarca, Francia, Grecia, Irlanda, Italia, Noruega, Países Baixos, Portugal, Reino Unido, Rusia, Serbia e Suíza.
- Oceanía (1): Australia,

Os principais países de residencia de doutores/as da UVigo son Portugal (37,9%) seguido, a máis distancia, polo Reino Unido (6,8%), Estados Unidos da América (5,8%), Alemaña e Francia (4,9% ambos), Dinamarca e Ecuador (3,9% ambos).



Mapa n.º 5. Lugar de residencia no resto do mundo por países

[> Visualizar datos](#)

⁷¹ Territorio americano integrado en Dinamarca.

PARTE II: INFORMACIÓN ACADÉMICA

1. Rama de coñecemento

Para facer esta análise foi preciso vincular cada programa de doutoramento con presenza na mostra avaliada coa correspondente rama de coñecemento segundo a distribución reflectida no Anexo 3.

1.1 Resultados globais e por xénero

Segundo a rama de coñecemento predominan as persoas tituladas da rama Científica (42,8%), seguida, a máis distancia pola Tecnolóxica (22,8%) e Xurídico-Social (22,6%). En menor proporción están as persoas tituladas no ámbito de Artes e Humanidades (10,3%) e de Ciencias da Saúde (1,6%).

Cadro nº 13. Estudos de doutoramento segundo a rama de coñecemento

	%	Home	Muller
Artes e Humanidades	10,3	6,8	13,0
Ciencias da Saúde	1,6	1,4	1,8
Científico	42,8	33,6	49,8
Tecnolóxico	22,8	35,0	13,3
Xurídico-Social	22,6	23,2	22,1

Por xénero, segundo mostra o Cadro nº13, case metade das mulleres (49,8%) pertence á rama Científica seguida, a máis distancia pola Xurídico-Social (22,1%), Tecnolóxica (13,1%) e Artes e Humanidades (13,0%). Polo contrario, entre os homes predominan en proporcións semellantes as ramas Tecnolóxica (35,0%) e Científica (33,6%), seguidas, a máis distancia, pola Xurídico-Social (23,2%) e de Artes e Humanidades (6,8%).

Adicionalmente, consoante o Cadro nº14, existe sobrerrepresentación feminina en Artes e Humanidades (71,2%), sendo maioritarias as mulleres en todas as ramas académicas, salvo na Tecnolóxica, onde representan 33,0%.

Cadro nº 14. Distribución das ramas de coñecemento por xénero

	Home	Muller
Artes e Humanidades	28,8	71,2
Ciencias da Saúde	37,5	62,5
Científica	34,3	65,7
Tecnolóxica	67,0	33,0
Xurídico-Social	44,7	55,3

1.2 Rama académica segundo o lugar de residencia

Existen máis residentes fóra de Galicia entre as persoas tituladas da rama Científica (33,2%), Tecnolóxica (29,6%), Artes e Humanidades (28,8%) e Xurídico-Social (28,1%).

Salvo en Ciencias da Saúde, os residentes no estranxeiro superan a outras comunidades autónomas, cun diferencial que oscila entre 15,8 puntos da Xurídico-Social, 9,8% da Científica, 8,7 da Tecnolóxica e 5,8 de Artes e Humanidades.

O Cadro nº15 mostra a distribución porcentual do lugar de residencia das persoas tituladas en doutoramento da UVigo segundo a rama de coñecemento.

Cadro nº 15. Lugar de residencia segundo a rama de coñecemento

	Galicia	Outras comunidades autónomas	Resto do mundo
Artes e Humanidades	71,2	11,5	17,3
Ciencias da Saúde	75,0	12,5	12,5
Científico	66,8	11,7	21,5
Tecnolóxico	70,4	10,4	19,1
Xurídico-Social	71,9	6,1	21,9

Adicionalmente, tal como mostra o Cadro nº16, entre as persoas tituladas en doutoramento residentes en Galicia predominan as da rama Científica (41,0%), seguida pola Xurídico-Social (23,5%) e Tecnolóxica (23,2%) e, a máis distancia a de Artes e Humanidades (10,6%) e de Ciencias da Saúde (1,7%). Entre os doutorados residentes no resto do mundo é predominante a rama Científica (44,7%), seguida pola Xurídico-Social (24,3%) e Tecnolóxica (21,4%) e, a máis distancia, Artes e Humanidades (8,7%). A preponderancia de doutorados do ámbito Científico é maior entre os residentes noutras comunidades autónomas (49,0%), seguido, a máis distancia, pola Tecnolóxica (23,5%), Xurídico-Social (13,7%) e de Artes e Humanidades (11,8%).

Cadro nº 16. Ramas de coñecemento segundo o lugar de residencia

	Galicia	Outras comunidades autónomas	Resto do mundo
Artes e Humanidades	10,6	11,8	8,7
Ciencias da Saúde	1,7	2,0	1,0
Científica	41,0	49,0	44,7
Tecnolóxica	23,2	23,5	21,4
Xurídico-Social	23,5	13,7	24,3

Para máis información o Anexo 4 mostra a distribución porcentual dos ámbitos académicos das persoas tituladas en doutoramento residentes en Galicia por provincias (Anexo 4.1) e concellos (Anexo 4.2).

Relativamente ás persoas tituladas en doutoramento da UVigo residentes noutras comunidades autónomas o Anexo 5 mostra a súa distribución porcentual tanto por comunidades autónomas (Anexo 5.1) como por provincias (Anexo 5.2).

O Anexo 6 mostra a distribución porcentual das persoas tituladas en doutoramento da UVigo residentes no resto do mundo por países.

2. Promocións académicas

2.1 Evolución quinquenal

2.1.1 Resultados globais e por xénero

Distribuída por quinquenios (ver Cadro nº17), a maioría da mostra avaliada obtivo a titulación de doutoramento na UVigo na última década (67,1%), decrecendo o seu peso relativo nos períodos máis antigos (5,1% entre 1995-2000).

Cadro nº 17. Evolución quinquenal

	%	Home	Muller
1995-2000	5,1	5,5	4,9
2001-2005	14,3	12,7	15,4
2006-2010	13,5	14,5	12,6
